

## COVID-19: ENFERMIDADE PROFESIONAL SEN RESTRICIÓN!

**No día de onte publicabamos unha información referente ao recoñecemento como “enfermidade profesional” da COVID-19.**

Hoxe o BOE publica o Real Decreto Lei 3/2021, do 2 de febreiro que recolle medidas relativas á seguridade social, e á prestación para xs profesionais dos centros sanitarios e sociosanitarios que no exercicio da súa profesión contraeran o virus SARS-Cov-2.



**En primeiro lugar dicir, que desde a CIG-SAÚDE non compartimos que fiquen excluído desta medida o persoal que traballa na sanidade e que foi privatizado.**

Se onte dicíamos que o virus non contaxia por categoría profesional, hoxe toca denunciar que **o virus non ataca por vínculo laboral.**

E unha vez máis exiximos a reversión ao SERGAS de todos os servizos privatizados, e que mentres isto non se faga, que se lles aplique a mesma norma.

**Por outra banda, preocúpanos a redacción do R/D Lei e a súa aplicación.**

### O texto do Real Decreto Lei 3/2021 dí:

---/---

2. Os servizos de prevención de riscos laborais deberán emitir o correspondente informe no que se faga constar que, no exercicio da súa profesión estivo expostx ao virus SARS-CoV-2.
3. Unha vez acreditado o contaxio do virus no ámbito da súa profesión.

**Para CIG-SAÚDE esta norma necesita un desenvolvemento claro e conciso, para que a súa aplicación non se faga de xeito restritivo ou discriminatorio.**

Tampouco coñecemos cales son as instrucións que a Administración vai enviar aos servizos de prevención de riscos laborais para a realización destes informes.

Todas as dúbidas que nos suscita esta norma, **transmitímosllas no día de hoxe ao Ministerio de Sanidade**, na reunión do Foro Marco (que é como a mesa sectorial do ministerio). O director Xeral comprometeuse a transmitilas ao Ministerio da Seguridade Social.

De igual xeito, no día de **hoxe imos transmitirle estas dúbidas á Dirección de RRHH do SERGAS** e exixille o correcto desenvolvemento desta norma.

Agardemos que haxa unha intención clara de recoñecer como enfermidade profesional o contaxio polo virus SARS-CoV-2 **a todo o persoal dos centros sanitarios e sociosanitarios**. E que a redacción recollida no Real Decreto Lei, non persiga o efecto de que os informes dos servizos de prevención limiten o alcance da norma.